

Biografía de María Xosé Queizán

Vanessa Cerqueira Ogando

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CERQUEIRA OGANDO, VANESSA (2011 [2011]). “Biografía de María Xosé Queizán”. En Manuel Forcadela e Camiño Noia (coords.), *Cara a unha poética feminista. Homenaxe a María Xosé Queizán*. Vigo: Xerais, 257-261. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/786>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CERQUEIRA OGANDO, VANESSA (2011). “Biografía de María Xosé Queizán”. En Manuel Forcadela e Camiño Noia (coords.), *Cara a unha poética feminista. Homenaxe a María Xosé Queizán*. Vigo: Xerais, 257-261.

* Edición dispoñíbel desde o 26 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

BIOGRAFÍA DE MARÍA XOSÉ QUEIZÁN VILAS⁸⁷

VANESSA CERQUEIRA OGANDO

(Universidade de Barcelona)

María Xosé Queizán Vilas naceu o cinco de febreiro de 1939 na rúa Urzáiz, no centro de Vigo. Nena de posguerra e filla póstuma –naceu seis meses despois da morte do seu pai na fronte do Segre–, criouse nunha familia de mulleres cunha educación liberal, afastada do apaixonamento fascista e do fanatismo relixioso. Aos catro anos a súa nai ensinoulle a ler e pouco despois o encargado da súa educación foi un profesor republicano quen, ademais das matemáticas e da gramática, instruíuna en solfexo e francés.

Foi máis ben tarde, en 1948, e con nove anos, cando María Xosé Queizán ingresou no colexio das monxas de Cluny; contrapunto importante na súa educación xa que este foi o seu primeiro contacto cun ambiente máis represivo que o ámbito familiar. Case dous anos despois, producíronse certos cambios na vida da autora. A súa nai casou en segundas nupcias e tivo un segundo fillo. En 1950, por mor das razóns laborais do padrastró, trasladouse a Cáceres, onde cursou segundo e terceiro de bacharelato, e posteriormente a Xixón, cidade onde continuou cos estudos no Instituto Jovellanos. En 1955 regresou a Vigo e finalizou o bacharelato.

Ao longo destes anos de nenez e adolescencia forxouse o carácter independente da autora, feito que fixo que en 1957 sentise a necesidade de acceder a unha vida afastada da súa casa. Decidiu marchar a Madrid, onde residiu no Colexio Maior e comezou os estudos na Escola de Periodismo. Con dezasete anos aínda non tiña a idade para ingresar na facultade, cau-

⁸⁷ Algúns dos datos mencionados nesta biografía foron proporcionados e revisados por M^a Xosé Queizán.

sa que lle fixo recorrer axuda de Gonzalo Torrente Ballester, profesor de periodismo naquel intre e amigo dun familiar. Deste xeito, conseguiu ser admitida como oínte na carreira. Durante o verán dese mesmo ano 1957, María Xosé Queizán colaborou no xornal vigués *El Pueblo Gallego* cunha serie de entrevistas e artigos de opinión en defensa da igualdade e dos dereitos das mulleres. Logo, ao rematar o verán, regresou a Madrid para estudar o Curso Preuniversitario e, finalmente, en 1958 volveu a Vigo e fundou e foi intérprete do Teatro de Arte e Ensaio da Asociación da Prensa de Vigo.

Poucos anos despois, no inverno de 1961, o afán de coñecer mundo impulsou a María Xosé Queizán a pensar novamente en abandonar Galicia. A decisión de viaxar a Francia foi máis unha casualidade que unha elección. Unha vez en París, matriculouse na Alliance Française para acadar unha titulación en francés e pouco despois comezou tamén a impartir clases de español. Foi durante a estadía en París cando a autora dispuxo dos dous elementos imprescindibles que, segundo Virginia Woolf, se precisan para escribir: a independencia económica e a persoal, deste xeito tivo *un cuarto propio*. A experiencia parisina foi, por unha banda, un período fundamental no seu desenvolvemento vital, intelectual e creativo. Unha vida sen límites nin controis, que lle permitiu acceder a un ambiente cultural que en España estaba trabado pola censura e a miseria intelectual e moral da época. E por outra banda, aconteceu o primeiro encontro serio da autora coa literatura. Influida polos grandes pensadores existencialistas, María Xosé Queizán interesouse pola concepción literaria da Nouveau Roman. As lecturas destes escritores alicerzaron as bases da súa formación intelectual e da súa vocación creativa. De resultas deste interese, en 1962, a autora compaxinou o traballo de profesora e as actividades culturais cunha nova actividade: a escrita da súa primeira novela, *A orella no buraco* (1965).

No ano 1962 casou co tamén escritor Xosé Luís Méndez Ferrín (1938), con quen ten unha filla e un fillo. O matrimonio residiu durante dous anos en Lugo, onde María Xosé Queizán foi profesora de francés no Colexio Fingoi e rematou *A orella no buraco*, novela que non foi publicada até 1965 pola editorial Galaxia. Dende a escrita desta primeira novela até a separación matrimonial en 1974 –agás o conto «Tolería para unha desmitificación», publicado na revista *Grial* en 1972–, a autora estivo afastada da creación literaria. Durante este lapso de tempo adicouse por completo á vida familiar e participou activamente no nacionalismo de esquerdas, ao que tamén pertencía o seu marido. En consecuencia, en 1963 Queizán participou na creación do Consello das Mocidades Galeguistas e un ano despois, en 1964,

co propósito de fusionar o galeguismo radical e o marxismo, fundou, xunto con outros militantes galeguistas, a Unión do Pobo Galego (UPG), partido independentista no que militou até 1975.

A finais de 1964 María Xosé Queizán e o seu marido trasladáronse a Vigo, cidade na que reside dende entón. Alí, en 1967 fundou e dirixiu o Teatro Popular Galego na Asociación Cultural de Vigo coa que representou e dirixiu *A puta respetuosa* (1946) de Jean-Paul Sartre.

1974 foi un ano de cambios na traxectoria vital e literaria de María Xosé Queizán. Despois da súa separación de Méndez Ferrín, volveu á escrita con artigos publicados polas revistas *Teima* e *Triunfo* e reiniciou os estudos universitarios. En 1973 cursara algunhas clases de Filoloxía Románica, pero non foi até 1978 cando se licenciou en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Unha vez aprobada a carreira tivo unha docencia itinerante por distintos institutos de Vigo e do Porriño até aprobar as oposicións en 1981. Dende ese ano foi profesora titular –e, posteriormente, catedrática– de lingua e literatura galegas no IES Alexandre Bóveda de Vigo até a súa xubilación no ano 2007.

Tamén foi despois da separación matrimonial cando María Xosé Queizán tomou conciencia feminista. Os anos universitarios en Compostela estiveron marcados por un contexto de grandes transformacións políticas e sociais, neses momentos tiveron lugar importantes mobilizacións feministas de carácter reivindicativo: reunións, manifestacións, conferencias... nas que a autora participou; converténdose así nunha das pioneiras do movemento feminista galego de segunda vaga. O ano 1975 foi declarado «Ano Internacional da Muller» polas Nacións Unidas, algo que despertou o interese polo tema feminista de moitas mulleres concienciadas e asentou as bases para a aparición de diferentes agrupacións feministas. En 1975 a autora participou activamente no nacemento da Asociación Galega da Muller (AGM) e, posteriormente, en 1978, despois da ruptura desta organización (por mor das diferenzas que se crearon entre as integrantes de dobre militancia e as feministas que querían afastar a AGM de calquera partido político), María Xosé Queizán, xunto a outras mulleres de pensamento feminista e independente, fundou anos máis tarde a FIGA (Feministas Independentes Galegas); organización da que é a presidenta e que dende 1983 publica a revista cultural e literaria *Festa da Palabra Silenciada*, a cal dirixe e coordina dende o número dous. En 1996 o compromiso da autora co fomento da creación literaria das mulleres fixo que dirixise en Vigo o «I Encontro das Mulleres Poetas Peninsulares e das Illas» os días 26, 27 e 28 de xuño.

Dende mediados dos 70 até a actualidade, segundo os ideais políticos e a relación que establece co movemento feminista, María Xosé Queizán fai do nacionalismo e do feminismo os eixes fundamentais de toda a súa produción literaria.

As súas formulacións teóricas sobre a condición das mulleres e o desexo de emancipación nacional para Galicia están recollidas n' *A muller en Galicia* (1977) e *Recuperemos as mans* (1980). Nove anos máis tarde, en 1989, publicou *Evidencias*, ensaio que recupera artigos anteriores e queda situado en tres posicións: a condición feminina, a lingua e a literatura. O seguinte é *Escrita da certeza. Por un feminismo optimista* (1995), libro onde a autora reflexiona sobre a diferenza entre a escrita da incerteza, que xira arredor do sentimentalismo e do imaxinario fantástico, e a escrita da certeza, empregada polo feminismo e que transmite coñecementos coa intención de mellorar a vida. Logo, María Xosé Queizán desmitifica a ideoloxía dun dos poetas inaugurais da literatura galega no ensaio *Misoxinia e racismo na poesía de E. Pondal* (1998). Seis anos máis tarde, apareceu *Racionalismo político e literario. Conciliar as Ciencias e as Humanidades*, ensaio dividido en catro grandes bloques, e onde a autora salienta a importancia do pensamento ilustrado, volve presentar as dicotomías home-muller e castelán-galego como consecuencia dun proceso colonizador para logo reflexionar sobre o feminismo e o nacionalismo e defende a idea dunha literatura comprometida co seu tempo. Finalmente, o que até hoxe é o seu último ensaio *Anti natura* (2008), o cal, dende a ollada do feminismo ilustrado, revisa o patriarcado actual e tenta dar as claves para a superación desa sociedade patriarcal.

Polo que se refire á obra de creación, María Xosé Queizán publicou a novela *Amantia* (1984), novela que amosa o desexo de emancipación feminina e de independencia para Galicia. Un afán que tamén podemos atopar en *Antígona, forza do sangue* (1989), peza teatral que foi reeditada no 2008 xunto a *A Cartuxeira* e *Neuras*. En 1988 apareceu a terceira novela, *A semellanza* (1988), onde a autora, a partir da figura dun transexual, fala das diferenzas entre xénero e sexo para concluír que entre eles non existe unha identificación. As novelas *Amor de Tango* (1992) e *Ten o seu punto a fresca rosa* (2000), narran episodios da cidade de Vigo en distintas épocas históricas e no relato breve *O solpor da Cupletista* (1995) recrea o mito da Bella Otero. Mentres que *¡Sentinela, alerta!* (2002) somerxe a quen le no mundo carcerario durante a ditadura franquista, mostrando o abuso de poder sobre as mulleres e sobre os máis febles da sociedade.

Aínda que María Xosé Queizán é unha poeta serodia, no xénero da poesía publicou *Metáfora da Metáfora* (1991), *Despertar das amantes* (1993) e *Fóra de min* (1994). Estes non son tres poemarios independentes, senón que requiren unha lectura lineal xa que seguen unha única liña ideolóxica: para defender a diferenza racial e cultural é preciso desfacer e desmitificar as metáforas, abandonar o propio corpo e verse dende fóra, mais para iso, ao mesmo tempo, é preciso liberarse das ataduras do corpo e das do discurso patriarcal. Posteriormente, no 2004, os tres poemarios, xunto a outras composicións poéticas ciscadas en diferentes revistas literarias, foron recollidos en *Non o abras como unha flor. (Poesía reunida 1980-2004)*. O último poemario até agora publicado pola autora é *Cólera* (2007), onde María Xosé Queizán recupera a memoria histórica ao lembrar a loita antifranquista levada a cabo en Galicia durante dez anos (1965-1975), mais tamén reflicte a concienciación ideolóxica, a represión, a morte, o exilio e os sentimentos de rabia, ira e, inclusive, de esperanza política.

Despois de máis de dúas décadas no mundo da literatura a Asociación de Mulleres Diálogos 90 concedeulle o premio «Galegas Destacadas» en 1996. Tamén, a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), en outubro de 1998, recoñeceu o seu importante labor como ensaísta, poeta, narradora e creadora de pezas teatrais, outorgándolle a Letra E, máximo galardón que dá a AELG, e poñéndolle o seu nome a un parque na cidade natal: «Parque da escritora María Xosé Queizán».

Muller de grande actividade, María Xosé Queizán compaxinou a docencia e mais o labor como escritora con diversas actividades culturais: recitais poéticos, conferencias, artigos na prensa escrita... e dende 1999 dirixe a colección «As Literatas» da editorial Xerais.